

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

##### **Subvencións e axudas**

*BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS  
DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2020*

### **BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2020**

A Deputación de Pontevedra, consciente da importancia do movemento cooperativista e do asociacionismo para o desenvolvemento do sector agrogandeiro provincial, establece as axudas a cooperativas e entidades asociativas para financiar melloras nos servizos prestados para o ano 2020, que se rexerán por estas

#### *BASES*

##### **Primeira. Obxecto**

Constitúe o obxecto xeral destas bases definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións ás cooperativas da provincia de Pontevedra que outorgue a Deputación, segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva.

Son actuacións susceptibles de axuda as accións que apoiem as entidades agrogandeiras en proxectos destinados á recuperación e posta en valor dos recursos agrarios endóxenos de carácter agrícola e gandeiro que teñan como obxecto os seguintes:

- a) A comercialización, transformación e valorización das producións
- b) A formación técnica e o asesoramento para o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación tecnolóxica
- c) A posta en uso das novas tecnoloxías, das enerxías renovables e do aforro enerxético
- d) Investimentos para mellorar os servizos prestados pola cooperativa:
  - Axudas para a adquisición de terreos para o aumento da base territorial das instalacións cooperativistas
  - Axudas para investimentos en maquinaria agrícola, obras, construcións, equipamentos, instalacións, reparacións en edificios e accesos a estes
  - Axudas para a adquisición de equipos e sistemas informáticos, mobiliario e outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos prestados por estas entidades.

As axudas para maquinaria agrícola non serán compatibles con outras axudas para o mesmo fin.



Martes, 31 de marzo de 2020

Núm. 62

## Segunda. Financiamento

Estas axudas contan cun crédito total de douscentos mil (200.000,00) euros e convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 20/410.4120.789.00.

A porcentaxe máxima subvencionable será do 50 % do orzamento, sen prexuízo de que sexan compatibles con outras axudas recibidas doutros organismos, e a súa concorrencia en ningún caso poderá superar o custo total do investimento.

Limitacións:

- Importe do orzamento de gastos da actividade: un máximo de 75.000,00 €
- Importe da subvención: un mínimo de 600 € e un máximo de 35.000,00 €

## Terceira. Exclusiones

Non serán obxecto de subvención nesta convocatoria as seguintes actividades:

- a) O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade, segundo o artigo 31.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- b) Os gastos referidos a investimentos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria
- c) As actuacións que non teñan como fin a prestación de servizos ás súas e aos seus socios

## Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderá solicitar estas axudas calquera cooperativa agrogandeira legalmente constituída da provincia de Pontevedra.

## Quinta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).



## Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

Ante a situación de emerxencia de saúde pública e pandemia internacional, o Goberno aprobou o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado en parte polo Real Decreto 465/202, de 17 de marzo, que determina a suspensión e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do Sector Público e, por conseguinte, na Deputación de Pontevedra.

Deste xeito, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día que finalice o estado de alarma.

## Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes
- NIF da persoa representante legal da asociación
- Domicilio fiscal das entidades solicitantes
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

## Oitava. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia dos estatutos da entidade
- b) Memoria descritiva do investimento que se realice na que se especifiquen as características técnicas dos equipamentos, obras, estudos técnicos e mobiliario, entre outros. Para as obras presentarase o seu orzamento técnico coas unidades de obra desagregadas e o seu prezo unitario
- c) Orzamento asinado e detallado da actividade ou investimento que se vai realizar
- d) Resumo do balance anual de perdas e ganancias da cooperativa
- e) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de corenta mil (40.000,00) euros, no suposto de execución de obras, ou de quince mil (15.000,00) euros, no caso de subministracións de bens de equipo, a entidade beneficiaria deberá solicitar,



Martes, 31 de marzo de 2020

Núm. 62

como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas proveedoras con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da axuda (artigo 31.3 da LXS). Esta situación deberase acreditar no expediente da subvención concedida

- f) Declaración responsable da entidade na que figuren os datos das novas persoas empregadas, no caso de creación de postos de traballo (gasto non subvencionable, só para os efectos de valoración de solicitudes)

Documentación específica por tipo de actuación:

- a) Para todas as actuacións

— Memoria explicativa, que conterá:

- Breve descrición do investimento que se vai realizar, que permitirá comprobar que é subvencionable nesta convocatoria
- Calendario de realización do investimento durante o ano 2020
- Número de postos de traballo que se crean, no seu caso

— Compromiso de manter a adscrición dos bens aos fins que motivaron a concesión da subvención: por un prazo mínimo de cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público e de dous anos para o resto de bens inventariables

- b) No caso de realización de obras

— Resumo do orzamento de execución por capítulos ou memoria valorada

Na xustificación do gasto, no caso de ser legalmente necesario, requirirase a achega do proxecto técnico.

— Acreditación da titularidade do ben sobre o que se vai realizar o investimento ou o acordo de cesión, no seu caso

— Compromiso de solicitar a licenza ou as autorizacións preceptivas

No caso de que as obras superen os 50.000,00 € presentarase unha reportaxe fotográfica do estado actual, segundo o establecido no artigo 15.5 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

- c) No caso de adquisición de terras

— Acreditación da adquisición presentando unha copia dixitalizada do documento de compra

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderalles requirir a exhibición do documento orixinal para cotexar a copia electrónica presentada.



Martes, 31 de marzo de 2020

Núm. 62

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de forma presencial requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos que xa se presentasen anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada que o presente ou, no seu defecto, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

### **Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectuarse electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

### **Décima. Notificacións**

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través de *Carpeta Ciudadana* e de *Dirección Electrónica Habilitada única*. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:TKMOVUVJ2XXUXVU8



Martes, 31 de marzo de 2020

Núm. 62

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **Décimo primeira. Criterios para a valoración das solicitudes**

- a) Número de socias e socios (ata 20 puntos)
- b) Postos de traballo derivados da axuda solicitada, detallados na memoria (ata 20 puntos)
- c) Volume de facturación e marxe de beneficios da cooperativa (ata 15 puntos)
- d) Porcentaxe de mulleres que integran os órganos reitores da entidade solicitante (ata 15 puntos)
- e) Adecuado cumprimento e xustificación de anteriores subvencións recibidas (ata 20 puntos)
- f) Investimentos en proxectos innovadores (ata 10 puntos)

### **Décimo segunda. Instrución do procedemento**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos. Comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a) Informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios da base décima e onde se explique o sistema seguido
- b) Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS

Posteriormente a comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta da xefa de servizo das solicitudes de subvención, órgano colexiado composto por:

- Presidente: o deputado delegado da área de Medio Ambiente
- Vogais: dúas persoas integrantes do equipo técnico do Servizo de Medio Ambiente e unha do equipo técnico do Servizo de Intervención
- Secretaria ou secretario: unha ou un funcionario do Servizo de Medio Ambiente, sen voto

A comisión de valoración poderá:

- a) Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
- b) Emitir un informe con respecto ás solicitudes de subvención



Martes, 31 de marzo de 2020

Núm. 62

Finalmente, a proposta de resolución elevarase á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva, segundo o disposto nas Bases de execución do Orzamento provincial e na lexislación vixente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Transcorridos seis meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.

### **Décimo terceira. Modificación da resolución**

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar a modificación da resolución de concesión sempre que non se varíe a finalidade establecida para as axudas, que non se alteren as puntuacións e contías concedidas ás demais entidades nin se danen os seus dereitos, e axustaranse ao establecido no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e presentarse, en todo caso, antes do día 15 de outubro de 2020.

### **Décimo cuarta. Xustificación e pagamento das subvencións**

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizado o investimento ou a actividade, sempre antes do 31 de decembro de 2020, as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2021.

O prazo para a execución das actuacións e investimentos poderá prorrogarse, en casos debidamente xustificadas, ata un máximo de 3 meses, por acordo expreso do órgano competente e previa solicitude por parte das entidades interesadas.

Naqueles casos nos que se conceda a ampliación do prazo de execución terán 3 meses para a xustificación desde que finalice o novo prazo.

Aprobadas as axudas, cos informes previos de Intervención, aboaráselles ás entidades solicitantes previa xustificación das accións realizadas, que deberán adecuarse ao establecido no artigo 30 da LXS e no artigo 24 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, relativa á xustificación das subvencións públicas.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida, e establecerase unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado (que non debe superar o 20 %).



Martes, 31 de marzo de 2020

Núm. 62

Para o pagamento da subvención terase en conta o seguinte:

- a) No caso de que se xustifique o 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- b) No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % aboarase a súa parte proporcional

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Para cobrar a subvención as entidades perceptoras deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

- a) Conta xustificativa dos gastos, asinada pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, na que se determinará o custo do gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e que se poña de relevo que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda
- b) Xustificación, con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe da subvención concedida, que indique cada factura, o número de unidades, os seus prezos unitarios e o custo total de cada unidade
- c) Acreditación da debida divulgación do financiamento da actividade ou do investimento subvencionado pola Deputación
- d) Memoria xustificativa na que se detallan as actuacións realizadas
- e) Os documentos TC2 das e dos traballadores, no caso de creación de novos postos de traballo (gasto non subvencionable, só para os efectos de valoración de solicitudes), presentaranse antes e despois de realizar o investimento
- f) Xustificación dos ingresos ou do financiamento obtido para a mesma finalidade
- g) Para cobrar a axuda concedida a entidade perceptora deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, situación que determinará de oficio a propia institución provincial

### **Décimo quinta. Control e seguimento das subvencións**

O importe dos gastos que figuren na conta xustificativa aboaráselles ás empresas provedoras preferiblemente antes da presentación da xustificación da subvención e, en todo caso, no prazo máximo de 1 mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar formas de pagamento que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade ou persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas





Martes, 31 de marzo de 2020

Núm. 62

de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.

O persoal técnico do Servizo de Medio Ambiente do organismo provincial velará por que se cumpran as condicións que se esixen para a concesión das subvencións e para que se realicen correctamente as actuacións previstas. Para iso, realizaranse as inspeccións e comprobacións oportunas e reflectirase o resultado no correspondente informe. Tamén se solicitará a información que se considere necesaria sobre as entidades beneficiarias das axudas.

### **Décimo sexta. Incumprimentos e responsabilidades**

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décima sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa o Servizo de Medio Ambiente requiriralle que a entregue no prazo improrrogable de quince días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

### **Décimo sétima. Recursos**

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo de 1 mes; entenderase como desestimado se transcorre este período de tempo sen recibir resposta. Neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

### **Décimo oitava. Dereito supletorio**

Para o non disposto nestas bases rexerán as de execución do vixente Orzamento xeral da Deputación, a Ordenanza xeral de subvencións, a LXS e demais normativa de aplicación pertinente.

### **Décimo novena. Publicidade da convocatoria**

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS remitirase o texto da convocatoria para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións.



Martes, 31 de marzo de 2020

Núm. 62

## Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia, os datos persoais obtidos neste procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

